


## 1.6 Magnitudes económicas asociadas ás TIC no fogar

A capacidade de gasto das familias veuse probando como un factor introdutor de desigualdades no uso global das TIC nos diferentes territorios, polo que é mester abordar unha análise, aínda que superficial, dos aspectos económicos ligados á presenza de dispositivos e servizos TIC no fogar.

*O fogar representativo do español destina uns 63 euros mensuais a telefonía fixa e móbil. Engadir Internet a esta carteira de servizos contratados supón elevar a cifra até os 90 euros mensuais.*

Atendendo a datos de ámbito estatal recabados por Red.es, o fogar predominante en España (un 36%) é o que dispón de dous servizos TIC –tipicamente, telefonía fixa e móbil–, aos que destina uns 63 euros mensuais. Inmediatamente por baixo (29%) atópase o fogar que suma aos anteriores o acceso á Internet, o que eleva o gasto mensual até os 90 euros. Así, máis da metade dos fogares españois destinan entre 63 e 90 euros mensuais aos servizos TIC.

Dous datos adicionais: por unha banda, dispor da carteira de servizos de voz, Internet e audiovisuais de pago supón a cada familia algo máis de 100 euros ao mes; por outra banda, o empaketado da oferta de servizos supón un apreciable descenso (desde 42 €/mes a 26 €/mes) do prezo por servizo cando se contratan en conxunto.



**Figura 119: Gasto medio mensual por servizo TIC no fogar.**

Fonte: Red.es <sup>(16)</sup>

A cuestión é determinar se estas magnitudes económicas supoñen ou non un freo á evolución do uso da tecnoloxía nos fogares. A resposta non é doada: se se toman en conta as opinións dos usuarios segundo o indicado en capítulos anteriores, as

cuestións de interese e capacidade de manexo parecen situarse como barreiras máis importantes; pola contra, as análises feitas amosan unha clara correlación entre niveis de penetración da Internet e niveis de renda.

Finalmente, cabe subliñar o virtual estancamento da penetración da televisión de pago en España, situado no contorno do 14% nos últimos cinco anos. Pese á indubidable superioridade da súa oferta nos contidos máis demandados –fútbol e cine– sobre a televisión xeneralista, probablemente o prezo limite a súa expansión, sendo menos do 10% os fogares españois que dispoñen dos catro servizos máis estendidos: telefonía fixa e móbil, acceso á Internet e televisión de pago.

O traballo de campo non achega datos significativamente diferentes para os fogares galegos. A información máis sobranceira que achegan as enquisas é:

- > O gasto mensual na Internet dos fogares que dispoñen deste servizo sitúase nos 38,2 euros.
- > O gasto mensual en televisión de pago nos fogares que dispoñen deste servizo é de 47,8 euros.
- > O gasto mensual medio en antivirus e seguridade é de 20,7 euros.

Tamén se ten analizado as magnitudes económicas destinadas á adquisición de dispositivos TIC. Segundo a información recollida, o gasto medio por fogar no último ano en equipamentos informáticos e de electrónica de consumo foi de algo máis de 608 euros.

A desagregación destes datos por dispositivo é o seguinte:

Aparato	%persoas que dispoñen do dispositivo	Gasto medio destinado á compra de cada dispositivo o último ano(€)
Tf. Móbil	78,02	111,36
DVD	58,24	104,28
Cámara de fotos dixital	38,62	273
T V Dixital	26,69	229,52
Videoconsola	18,05	186,13
Cámara de video dixital	13,66	675
GPS	4,40	605,91
PDA	2,83	338,89

**Táboa 3: Investimento en dispositivos TIC no último ano nos fogares galegos.**

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* <sup>(5)</sup>